

RECOMENDACIONES PARTICULARES

CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva PXOM_29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echeverría Bládes



RECOMENDACIÓNES PARTICULARES PARA O CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE TOMIÑO

Co obxectivo de mellorar e concreta-la protección dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Tomiño, así como posibilitar un equilibrio entre as necesidades urbanísticas e o valor dos bens arqueolóxicos existentes, inclúese o presente listado de recomendacións particulares.

Os xacementos incluídos no presente capítulo son os seguintes, referenciados segundo o código de identificación que figura no planeamento municipal:


CÓDIGO	NOME	PARROQUIA	Nº PLANO P.X.O.M.
GA36054046	O CASTILLO/MONTE CASTELO/ OS MEDOS	ESTÁS (Santiago)	18/19
GA36054047	FORTE DA CONCEPCIÓN	GOIÁN (San Cristovo)	22

Axúntase un plano de detalle onde figura a delimitación dos xacementos

- **GA36054046: O CASTILLO/MONTE CASTELO/OS MEDOS**

Apuntes históricos e descripción

Fortificación militar edificada entre 1663 y 1664. O inicio das obras de construcción coinciden coa ocupación portuguesa de Goián e para fazer fronte ó Forte da Concepción (código catálogo P.X.O.M. GA36054047). Esolleuse o lugar de Medos pola súa proximidade e dominio, acuartelándose o exército reforzado con dous novos tercios chegados de Flandes.

Ocupa unha extensión duns 80.000 metros cadrados. Consta dun reduto con porta defendida por media lúa e obra coroada por dous baluartes e medio baluarte polo sur. Polo oeste e norte ten un camiño cuberto exterior, en forma de zigzag, para o tiro cruzado. Polo norte, debido á pendente, foron construídos baluartes, medios 

CONSELLERÍA DE CULTURA
XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva P.X.O.M., 29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echevarría Buades

distintos niveis e terrazas. O igual que outros fortes semellantes, como o de Amorín (GA36054020), foi construído con terra e empalizadas. Tiña unha capacidade para albergar uns 5.000 soldados áinda que é moi probable que unha vez rematado-los conflictos con Portugal fose abandonado.

Recomendacións de usos

A superficie ocupada pola fortificación comparte varios usos do solo, segundo se define no ordenamento:

- Solo Rústico de Protección do Patrimonio
- Equipamento deportivo
- Espacio libre de uso e dominio público

O espacio que comprende o **Solo Rústico de Protección do Patrimonio**, posúe unha protección completa segundo o recollido na presente normativa polo que calquera uso quedaría prohibido, agás aqueles destinados ó coñecemento, conservación ou posta en valor do xacemento, sempre que contén coa preceptiva autorización do organismo competente en materia de Patrimonio Arqueolóxico.

No espacio comprendido fóra do anterior, se debe proceder de maneira que a conservación e recuperación do xacemento arqueolóxico, sexa o elemento condicionante e prioritario.

Segundo tal enunciado non deben ser permitidas as obras que provoquen unha alteración na configuración do forte, tendéndose á recuperación de aqueles elementos defensivos que formaban parte da estructura orixinal e que hoxe están desvirtuados ou desaparecidos (por exemplo os foxos colmatados ou baluartes desmontados).

Serán permitidos os usos que sexan compatibles coa conservación do presente elemento catalogado e baixo a supervisión do organismo competente en materia de Patrimonio Arqueolóxico.



- **GA36054047: FORTE DA CONCEPCIÓN**

Apuntes históricos e descripción

O Forte da Concepción é un dos protagonistas das confrontacións entre España e Portugal a mediados do século XVII na raia húmida. As constantes incursións de ambos exércitos a un e outro lado da fronteira provocaban a toma de prazas en territorio contrario, algunha das cales foi preciso fortificar para asegura-la súa consolidación como terreo conquistado.

Na Idade Moderna, a construción de fortificacións abaluartadas de campaña e a súa rapidez de execución era unha das mais importantes operacións a considerar na ocupación dun territorio conquistado. Permitía asegura-la defensa pasando de ofensor a defensor coa reducción de efectivos militares que supuña.

Este é o caso do Forte da Concepción; o contexto histórico no que se sitúa é o seguinte. En 1657, o exército español inicia unha ofensiva na que son conquistadas as prazas de San Pedro da Torre, Lapela, Monçao e Salvaterra, deixando desprotexida a zona de Goián. O exército portugués non se fai esperar e en outubro de 1663 ataca e ocupa o forte de Goián, establecendo unha cabeza de ponte con Vilanova de Cerveira, construíndo unha ponte de barcas sobre o Miño.

En dous meses constrúen unha fortificación que podemos definir segundo o testemuño do Capitán General de Galicia D. Luis Poderico “... *es un fuerte Real de cinco baluartes capaz de tres mil infantes de guarnición y quinientos caballos, y además tiene un recinto en que pueden poner todo su ejército muy seguro y el terreno en que están estas fortificaciones es una eminencia que predomina y descubre la campaña*”.

O Forte da Concepción formaba parte dun conxunto fortificado maior composto por tres estructuras mais conectadas entre si, en territorio galego (Forte das Chagas GA36054059, Torre dos Correas GA36054048 e Forte de San Lourenzo GA36054025) e a



Praza de Vilanova de Cerveira en territorio portugués. O igual que outros fortes semellantes como o de Amorín (GA36054020) foi edificado en terra e empalizadas.

Axúntase unha reproducción dun gravado da primeira metade do século XVIII do conxunto fortificado, formado pola plaza de Vilanova de Cerveira e o Forte da Concepción.

Recomendacións de usos

Debido ás dimensións do Forte, uns 50.000 metros cadrados de superficie interior, e a súa proximidade co núcleo de Goián, está ocupado dun xeito disperso por vivendas, maioritariamente unifamiliares, que paulatinamente foron ocupando o recinto e desdibuxando a súa configuración orixinal. Esta circunstancia impide a clasificación de solo de Protección do Patrimonio para a totalidade da fortificación, e comparte diversas clasificacións segundo veremos:

Solo Rústico de Protección do Patrimonio

Solo Urbano

Solo de Protección Agrícola

O espacio que comprende o **Solo Rústico de Protección do Patrimonio**, posúe unha protección completa segundo o recollido na presente normativa polo que calquera uso quedaría prohibido, agás aqueles destinados ó coñecemento, conservación ou posta en valor do xacemento, sempre que contén coa preceptiva autorización do organismo competente en materia de Patrimonio Arqueolóxico. Foron incluídas tales zonas nesa clasificación xa que nelas se conservan, ainda en bo estado, as estructuras militares levantadas no século XVII (baluartes, recintos, etc...)

Para a superficie restante, fóra da clasificación de Solo Rústico de Protección do Patrimonio, se permitirán os usos do solo previstos nas ordenanzas respectivas pero de xeito que respecten, favorezan ou rexeneren a configuración inicial da fortificación e así

CONCELLO DE GOIÁN
Aprobación definitiva PXOM - 29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echevarría Buades

poder chegar a unha equilibrio entre as necesidades urbanísticas e a conservación do recinto fortificado.

Tódalas operacións que impliquen variación das condicións existentes na área delimitada, deben ser autorizadas pola administración competente en materia de Patrimonio Arqueolóxico, solicitando o pertinente estudio de detalle ou anexo documental no proxecto de obra, onde figure a traza orixinal da fortificación en relación coa obra.


Deste xeito, a devandita administración adoptará as medidas oportunas, propoñendo as circunstancias que debe observa-lo proxecto de obra para permiti-la conservación deste Forte.

CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva PXOM 29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echevarría Buades



O CASTILLO / MONTE CASTELO / OS MEDOS



CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva PXOM - 29/marzo/2001

FIGURA: Delimitación do Forte dos Medos

Asdc.. Catalina Echevarría Buades
DATA NOV. 2000

CLAVE: GA36054046

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE TOMIÑO


ESCALA: 1:5.000

FICHA DE XACIMENTOS ARQUEOLÓXICOS

0 200 m.



FORTE DE A CONCEPCIÓN



CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva PXOM - 29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echevarría Buades

FIGURA: Delimitación Forte de A Concepción

DATA NOV. 2000

CLAVE: GA36054047

ESCALA: 1:5.000



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE TOMIÑO


FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS



* MUSEO
CONCELLO
ANTA DE MOURA
Arqueoloxía



FORTE DE A CONCEPCIÓN



Villa nora de Correira Esta sentada sobre las maras del Río Miño. Esta fortificada a lo moderno con bastiones, medios bastiones y otras obras exteriores. Tiene cuatro fuertes con sus comunicaciones. La villa tiene un río de sesenta palmos de Boca, y quince de Alto.

CONCELLO DE TOMIÑO
Aprobación definitiva PXOM - 29/marzo/2001

Asdo.: Catalina Echevarría Buades

FIGURA: Forte de A Concepción. Gravado do século XVIII

DATA NOV. 2000

CLAVE: GA36054047

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
CONCELLO DE TOMIÑO

FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

